



Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 5 de xuño de 2014

Hora de comezo: 13.40 h

Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo do expediente de demolición de muro situado na parcela núm. 1024, polígono 506, de Ardarís-Lestedo**
- 3. Devolución aval**
- 4. Devolución de contía a don xxxxx**
- 5. Reintegro de subvencións á Consellería de Traballo e Benestar**
- 6. Concesión de altas abastecemento/saneamento**
- 7. Licenzas urbanísticas**
- 8. Renovación bonificación tarxeta de transporte metropolitano**
- 9. Información de alta SAF por dependencia e información alta SAF por libre concorrencia pasando a SAF dependencia**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento**
- 12. Inicio da contratación da obra “Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro” incluída no Plan POS 2014**

- 13. Inicio contratación servizo de instalación e mantemento dunha aplicación informática para reporte de incidencias nos servizos municipais**
- 14. Recurso reposición contra a taxa do lixo**
- 15. Modificacións no padrón do lixo 2014**
- 16. Contratación axudante recollida do lixo para cubrir vacacións**
- 17. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de maio de 2014.

2.Arquivo do expediente de demolición de muro situado na parcela núm. 1024, polígono 506, de Ardarís-Lestedo

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de xullo de 2011 acordouse iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística en base a obras de recheo e peche realizadas na parcela número 1024, polígono 506, Ardarís-Lestedo, propiedade de dona Rosario xxxxx, por non ter licenza municipal de obras, por non ter autorización previa do servizo de patrimonio e por empregar materiais de obras non permitidos.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 18 de xaneiro de 2012 acordouse demoler o peche da parcela número 1024 , polígono 506, Ardarís-Lestedo, e darlle a dona Rosario xxxxx un prazo de dez días para proceder coa demolición.

O Xulgado Contencioso Admtvo número 1, mediante escrito que ten entrada no concello o día 19/11/2012 co número 12/2654, solicitou a emisión de informe “*sobre si na actualidade se procedeu a desmontar e rechea a parcela colindante por parte de dona Rosario xxxxx*”.

Con data 30 de novembro do 2012, dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego SA, encargada da asistencia técnica e urbanística emite o seguinte informe:

“De acordo coa comunicación recibida no Concello de Boqueixón con data do 19 de novembro de 2012 e rexistro de entrada nº 12/2654, solicítase a seguinte actuación: “que, previa vista de comprobación in situ a la parcela, emita informe sobre si en la actualidad se ha procedido a desmontar y rellenar la parcela colindante por parte de D^a. Rosario xxxxx.” En resposta á solicitude realizada, compre informar o seguinte:

1. Con data do 24 de outubro de 2010, foi realizada unha primeira visita de comprobación ó lugar de Ardarís, en relación ás denuncias mutuas presentadas por D^a. Eva xxxxx e D^a. Rosario xxxxx. A dita visita corresponden as seguintes imaxes do desmante realizado en ambas parcelas.....

2. Con data do 11 de xaneiro de 2012, foi realizada unha segunda visita de comprobación ó lugar de Ardarís, en relación ás denuncias mutuas presentadas por D^a. Eva xxxxx e D^a. Rosario xxxxx. A dita visita corresponde a seguinte imaxe, na que se observa, por un lado, que o muro realizado por D^a. Eva xxxxx segue no mesmo estado que na primeira visita; e

por outro lado, que na parcela propiedade de D^a. Rosario xxxxx realizouse un recheo parcial na zona frontal do predio e un muro de contención a base de postes de formigón.

3. Realizada nova visita de comprobación ó lugar, con data do 28 de novembro de 2012, obsérvase que o estado, tanto do muro realizado por D^a. Eva xxxxx, como o recheo e muro realizado por D^a. Rosario xxxxx, é igual con respecto á última visita realizada.

4. D^a. Rosario xxxxx realizou o citado recheo e muro sen licenza municipal de obras e sen autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, preceptiva neste caso, por atoparse a parcela no contorno de protección da Igrexa parroquial de Sta. María de Lestedo. Logo da denuncia realizada por D^a. Eva xxxxx, o Concello de Boqueixón iniciou o correspondente Expediente de reposición da legalidade urbanística, pendente, a día de hoxe, da súa resolución”.

O que se informa ós efectos oportunos, e sen prexuízo de terceiros”.

Remítese ó Xulgado Contencioso – Administrativo número 1, o día 12/12/2012 co número de saída 12/1263, informe da alcaldía, sobre desmonte e recheo en parcela colindante, por parte de dona Rosario xxxxx, procedemento ordinario 240/2012, no cal se transcribe literalmente o informe asinado o 30 de novembro por dona María Carmen Novoa Sío e se engade nun punto B) que sinala que

“Así mesmo, informo que o expediente de reposición de legalidade tramitado polo recheo e muro realizado por dona Rosario xxxxx sen licenza municipal e sen autorización do Servizo de Patrimonio Cultural a esta data está pendente de execución subsidiaria polo concello, posto que dona Rosario xxxxx non deu cumprimento ó requirimento de demolición”.

O 13/12/2012 co número de saída 12/1278, requírese informe técnico a Estudio Técnico Gallego SA, a atención de dona María Carmen Novoa Sío, para proceder coa demolición dun peche de parcela, propiedade de dona Rosario xxxxx, no lugar de Ardarís, Lestedo, parcela número 1024, polígono 506.

Na Xunta de Goberno do 20 de decembro de 2012 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa demolición do peche da parcela 1024 , polígono 506, Ardarís-Lestedo, propiedade de dona Rosario xxxxx, por carecer de licenza municipal de obras, por carecer de previa autorización de patrimonio e por empregar materiais de obras non permitidos.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 7 de febreiro de 2013 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa demolición do muro na parcela 1024, polígono 506, de Ardarís – Lestedo, propiedade de dona Rosario xxxxx, por carecer de previa autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, por carecer de licenza municipal de obras e por empregar materiais de obras non permitidos.

Notificado o acordo da Xunta de Goberno á propietaria do muro, dona Rosario xxxxx, o 12 de febreiro de 2013, non presenta recursos, non autoriza a entrada na parcela 1024, polígono 506 de Ardarís-Lestedo e non aboa os custos de execución subsidiaria.

O 20 de marzo de 2014 co número de entrada 14/504 recíbese no Concello de Boqueixón, Auto de 21 de febreiro de 2014, ditado polo Maxistrado-Xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela, don José Alvaríño Alejandro, no cal se autoriza, co número 329/2013, a entrada na parcela número 1024, polígono 506, referencia catastral: 15012A506010240000WR, localizada en Ardarís – Lestedo,

Boqueixón, propiedade de dona Rosario xxxxx e dese xeito proceder co levantamento do muro realizado, así como o baleirado das terras que poidan invadir a distancia mínima ó eixe da estrada.

O informe do Encargado de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón, de data 26 de maio de 2014 sinala que :

*“ No lugar de Ardarís Lestedo, na parcela número 1024, polígono 506, referencia catastral 15012A506010240000WR, propiedade de dona Rosario xxxxx, **procèdeuse coa demolición do muro** realizado con postes de formigón.*

Así mesmo, compróbase que a distancia existente das terras da parcela número 1024, polígono 506, tras retirar os postes de formigón ó eixo da vía municipal é de 6 metros, de xeito que queda un noiro estable.

Dita demolición realizouse pola propiedade da parcela dona Rosario xxxxx.

Adxúntase reportaxe fotográfica”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Rosario xxxxx, por proceder a mesma coa demolición do muro, realizado con postes de formigón, así como respectar a distancia das terras ó eixe da estrada, na parcela número 1024, polígono 506, do lugar de Ardarís-Lestedo.

2. Comunicar este acordo á interesada

3.Devolución aval

O día 2 de xuño de 2014 co número de entrada 14/1005, preséntase no rexistro municipal escrito da empresa Estudio Técnico Gallego SA, solicitando devolución de aval en relación coa prestación da “Asistencia Técnico-urbanística” do Concello de Boqueixón, según contrato de data 01/03/1994.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Devolver á empresa Estudio Técnico Gallego SA, o aval presentado para a prestación da “Asistencia Técnico-urbanística” do Concello de Boqueixón, por importe total de **528,89 €**.

4.Devolución de contía a don José Juan xxxxx

O día 2 de maio de 2014 don José Juan xxxxx, co DNI xxxxx, veciño de Sergude, ingresa na conta do Concello de Boqueixón (xxxxx) a contía de 261 €, en concepto de “Viaxe á Ruta do Quixote”, actividade que saíu publicada na Xanela de primavera 2014, do concello. (Adxúntase xustificante do ingreso)

A actividade custa 225 €, pero don José Juan xxxxx aboa igualmente un suplemento de habitación individual de 36 €, co cal o total é de 261 €.

Dita actividade, que se fai en colaboración co Concello de Vedra, ten como unha das súas condicións que o ingreso dos custos da “viaxe á Ruta do Quixote” se faga na conta que a Axencia de viaxes, “Galaecia Viaxes”, que xestiona a mesma, ten aberta pero non na conta do concello de Boqueixón.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Reintegrar a don José Juan xxxxx a cantidade de **261 €**, correspondente á actividade “Viaxe á Ruta do Quixote”, que indebidamente ingresou na conta do concello cando debería habela ingresado na conta da Axencia de Viaxes “Galaecia Viaxes”.
2. Comunicar este acordo a don José Juan XXXXX.

5.Reintegro de subvencións á Consellería de Traballo e Benestar

1.- Con data 24 de xuño de 2010 e rexistro número 10/428, remítese ao Servizo de Promoción do Emprego – Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar – Programa de Cooperación, a documentación xustificativa relativa ao expediente TR351A 2009/298-1 Servizo de Programación de Tempo para a Conciliación da Vida Laboral e Familiar.

Con data 19 de maio de 2014, con rexistro de entrada número 14/902, recíbese neste concello a comunicación da Consellería de Traballo e Benestar – Xefatura Territorial da Coruña, pola que declara a procedencia do reintegro da cantidade de cinco mil setecentos quince euros con cincuenta e catro céntimos (5.715,54 €), por diferenzas entre a subvención concedida e o importe xustificado.

2.- Con data 10 de febreiro de 2010 e rexistro número 10/75, remítese ao Servizo de Promoción do Emprego – Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar – Programa de Cooperación, a documentación xustificativa relativa ao expediente TR351A 2009/300-1 Servizo de Acondicionamento de Centros Sociais do Concello.

Con data 19 de maio de 2014, con rexistro de entrada número 14/903, recíbese neste concello a comunicación da Consellería de Traballo e Benestar – Xefatura Territorial da Coruña, pola que declara a procedencia do reintegro da cantidade de setecentos cincuenta e un euros con sesenta e sete céntimos (751,67 €), por diferenzas entre a subvención concedida e o importe xustificado.

3.- Con data 12 de febreiro de 2010 e rexistro número 10/74, remítese ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, Programas de Cooperación, a documentación xustificativa relativa ao expediente TR351A 2009/297 Grupo Municipal de Intervención Rápida.

Con data 19 de maio de 2014, con rexistro de entrada número 14/904, recíbese neste concello a comunicación da Consellería de Traballo e Benestar – Xefatura Territorial da Coruña, pola que declara a procedencia do reintegro da cantidade de dez mil cincocentos sesenta e tres euros con setenta e tres céntimos (10.563,73 €), por diferenzas entre a subvención concedida e o importe xustificado.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1.- Reintegrar á Consellería de Traballo e Benestar o importe de cinco mil setecentos quince euros con cincuenta e catro céntimos (5.715,54 €), diferenza consistente entre a subvención concedida e o importe xustificado, debido á baixa por enfermidade I.T. da traballadora dona María Teresa Millán Lago no período comprendido entre 10 de decembro de 2009 e 25 de abril de 2010.

2.- Reintegrar á Consellería de Traballo e Benestar o importe de setecentos cincuenta e un euros con sesenta e sete céntimos (751,67 €), diferenza consistente entre a subvención concedida e o importe xustificado, debido á baixa por enfermidade I.T. do traballador don José Martínez Baña no período comprendido entre 17 de novembro de 2009 e 1 de decembro de 2009.

3.- Reintegrar á Consellería de Traballo e Benestar o importe de dez mil cincocentos sesenta e tres euros con setenta e tres céntimos (10.563,73 €), diferenza consistente entre a subvención concedida e o importe xustificado, debido á baixa por enfermidade I.T. dos traballadores don José Olimpio Agrelo García, don Antonio Fernández Varela e don Esteban Estévez Maza, nos períodos comprendidos respectivamente entre 21 de agosto e 7 de outubro de 2009, 22 de xullo e 22 de outubro de 2009 e 23 de novembro e 23 de decembro de 2009.

4.- Comunicar este acordo á Tesourería municipal para que ingresen estas cantidades na conta asignada pola Consellería de Traballo e Benestar a tal fin.

6.Concesión de altas abastecemento/saneamento

A) ALTA ABASTECIMIENTO

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á empresa que se relaciona a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
M.C. MAPOCA SL	XXXXXX	Edificio Lestedo avd do Vinteseis, nº36, Lestedo - Boqueixón	109,62

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento á empresa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para local comercial

M.C. MAPOCA SL aboou a taxa no número de conta xxxxx-(Novagalicia Banco).
Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

B) ALTA EN SANEAMENTO

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo á empresa que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
M.C. MAPOCA SL	XXXXXX	Edificio Lestedo avd do Vinteseis, nº36, Lestedo - Boqueixón	109,62

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á empresa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para local comercial

M.C. MAPOCA SL aboou a taxa no número de conta xxxxx-(Novagalicia Banco).
Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

7.Licenzas urbanísticas

A) Expediente inicial: 06/1108. Expediente actual: 11/1409: Licenza de 1ª ocupación, en relación coa licenza municipal de obras núm. 06/748, de data do 21/06/2006, modificada con data do 22/05/2014.

Antecedentes:

Con data do 03/06/2011 (registro de entrada núm. 11/1409), por Promocións Lortes – Lestedo, SL , con CIF nº.: xxxxx, preséntase unha solicitude de licenza de 1ª ocupación, xunto coa seguinte documentación: Certificado final da dirección de obras, actas de replanteo, comezo e finalización das obras executadas, fotografías finais da execución das obras, e planos de planta de distribución, planta de cuberta, e alzados modificados, pola construción dunha vivenda unifamiliar illada (**finca 3**), que se empraza urbanísticamente en solo non urbanizable de núcleo rural, no lugar de Pazos, na parroquia de Lestedo.

Unha vez examinada a documentación presentada, constátase que a licenza municipal de obras, número 06/748, de data do 21/06/2006 (incluída no expediente número 06/1108), sobre a que se solicita esta licenza de 1ª ocupación, figura neste concello a nome de Promocións Lortes – Lestedo, S.L.

Con data do 07/11/2012, por Promocións Lortes – Lestedo, SL, realízase o ingreso da taxa municipal, por importe de 92,43 €, de abono pola solicitude da licenza de 1ª ocupación, e que se corresponde coa vivenda emprazada na finca 3.

Con data do 05/12/2012, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, realízase visita de comprobación ás obras executadas, acompañada polo representante de Promocións Lortes – Lestedo, SL

Con data do 12/03/2014, por María Carmen Novoa Sío, emítase informe técnico sobre o expediente, no que se fai constar que as obras executadas **non se axustan á licenza de obra concedida**, debido a que as modificacións que se observan supoñen unha modificación da mesma, polo que deberase achegar a seguinte documentación: modificado do proxecto, no que queden reflectidas as diferenzas de execución con respecto á licenza, así como se xustifique o cumprimento da normativa correspondente, e o boletín da instalación eléctrica.

Con data do 11/04/2014 (registro de entrada nº 14/671), por Promocións Lortes - Lestedo, S.L., preséntase un proxecto técnico modificado, do proxecto básico e de execución, asinado polos arquitectos, D. Manuel Cid Rodríguez e D. Javier Rivadulla Montaña, colexiados nº 897 e 1553, para a modificación da licenza de obra, e previa a concesión da licenza de 1ª ocupación.

Con data do 07/05/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o informe técnico favorable, ao proxecto modificado, o cal establece que a documentación achegada reflicte as modificacións realizadas con respecto á licenza outorgada, durante a súa execución.

Con data do 22/05/2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, acorda modificar a licenza municipal de obras nº 06/748, de data do 21/06/2006, a nome de Promocións Lortes - Lestedo, S.L., para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Pazos (finca 3), na parroquia de Lestedo, composta de planta de soto, planta baixa e planta baixo-cuberta.

Unha vez modificada a licenza municipal de obras nº 06/748, de conformidade coa lexislación urbanística vixente, e con relación á solicitude da licenza de 1ª ocupación, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, con data do 28 de maio de 2014, **literalmente informa:**

“INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPROBACIÓN DA ADECUACIÓN DA OBRA EXECUTADA Ó PROXECTO EN BASE Ó CAL OUTORGOUSE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS, ÓS EFECTOS DE OBTENIR A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O obxecto do presente informe ten por finalidade comprobar se a obra executada se axusta ó proxecto en base ó cal lle foi concedida a licenza de obras, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación.

Realizada visita de comprobación á obra executada con data do 5 de decembro de 2012, pola técnica que asina, en presenza dun representante da empresa promotora; comprobada a documentación aportada coa solicitude de licenza de primeira ocupación, e comprobada a documentación que versa no expediente de solicitude e outorgamento de licenza de obra, cabe realizar as seguintes observacións:

1. DOCUMENTACIÓN APORTADA COA SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Con data de registro de entrada no Concello de Boqueixón do 28 de febreiro de 2011, achégase certificado final de obra firmado polos directores da obra, os arquitectos D. Manuel Cid Rodríguez (COAG Ourense nº897) e D. Javier Rivadulla Montaña (COAG Santiago nº1553), e polo director de execución da mesma, o arquitecto técnico D. Juan

Carlos Lortes Gómez (COAATAC A Coruña nº2179), e visado por ambos Colexios, con data do 29 de xuño de 2010. Así mesmo, achégase reportaxe fotográfica do exterior da edificación e planos de estado final da obra.

Con data do 11 de abril de 2014 e rexistro de entrada nº14/671, achégase a seguinte documentación, solicitada en informe anterior:

- *Proxecto básico e de execución MODIFICADO, firmado polos arquitectos D. Manuel Cid Rodríguez (COAG Ourense nº897) e D. Javier Rivadulla Montaña (COAG Santiago nº1553), e visado con data do 3 de abril de 2014.*
- *Certificado da instalación eléctrica, asinado polo instalador autorizado D. Carlos Mourelle Viqueira (nº BTE 15000008).*

Así mesmo, con data do 6 de maio de 2014 e rexistro de entrada nº14/817, achégase anexo ó proxecto modificado, requirido pola técnica que asina mediante informe técnico.

2. OBSERVACIÓNS DERIVADAS DA VISITA DE INSPECCIÓN CON RESPECTO Ó PROXECTO E Á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PRESENTADA

En relación á visita de comprobación realizada á vivenda, e á vista da totalidade da documentación presentada, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación

Dado que as variacións reflectidas no proxecto modificado correspóndense coa documentación de final de obra que xa estaba incluída no expediente, a técnica que asina entende que non é necesario solicitar maior documentación.

3. CONCLUSIÓN

*En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase **que as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida.***

É opinión da técnica que asina, que informa ós efectos oportunos, e somete a calquera outra mellor fundada.

Boqueixón, 28 de maio de 2014

Consta no expediente toda a documentación presentada polo promotor, o informe técnico favorable, de data do 28/05/2014, e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con data do 07/11/2012), por importe de 92,43 €, polo que de conformidade co disposto no artigo 195.6, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Outorgar, a Promocións Lortes – Lestedo, S.L., con CIF número xxxxx, a **“licenza municipal de primeira ocupación”**, que se corresponde coa edificación dunha vivenda unifamiliar illada (**finca 3**), composta de planta de soto, planta baixa e planta baixo-cuberta, que se empraiza urbanisticamente en solo non urbanizable de núcleo rural, no lugar de Pazos, na parroquia de Lestedo, en base á licenza municipal de obras número 06/748, de data do 21/06/2006, modificada con data do 22/05/2014, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo ao interesado

B) Expediente inicial: 11/2680. Expediente actual: 14/716. Licenza de 1ª ocupación, en relación coa licenza municipal de obras núm. 12/81, de data do 18/01/2012

Antecedentes:

Con data do 22/04/2014 (registro de entrada núm. 14/716), por José xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, e Mª Josefa xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase unha solicitude de licenza de 1ª ocupación, xunto coa seguinte documentación: Certificado final da dirección de obras, certificado de eficiencia enerxética de edificios existentes, e calificación enerxética do edificio terminado, polas obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar existente, que se empraza urbanísticamente en solo non urbanizable de núcleo rural, no lugar de Rubio, na parroquia de Vigo.

Unha vez examinada a documentación presentada, constátase que a licenza municipal de obras, número 12/81, de data do 18/01/2012 (incluída no expediente número 11/2680), sobre a que se solicita esta licenza de 1ª ocupación, figura neste concello a nome de José xxxxx e Mª Josefa xxxxx.

Con data do 24/04/2014, polos promotores desta licenza, realízase o ingreso da taxa municipal, por importe de 123,24 €, de abono pola solicitude da licenza de 1ª ocupación.

Con data do 23/05/2014 (registro de entrada núm. 14/958), polos promotores preséntase unha nova documentación para incorporar ao expediente, composta polos planos da situación actual do final de obra, con núm. de visado WU110507, con data do 05/02/2014, e a solicitude presentada na Consellería de Economía e Industria, para a inscrición do certificado de edificios existentes, no registro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.

Con data do 28/05/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico, e que literalmente di:

“INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPROBACIÓN DA ADECUACIÓN DA OBRA EXECUTADA Ó PROXECTO EN BASE Ó CAL OUTORGOUSE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS, ÓS EFECTOS DE OBTENIR A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O obxecto do presente informe ten por finalidade comprobar se a obra executada se axusta ó proxecto en base ó cal lle foi concedida a licenza de obras, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación.

Realizada visita de comprobación á obra executada con data do 29 de abril de 2014, pola técnica que asina; comprobada a documentación aportada coa solicitude de licenza de primeira ocupación, e comprobada a documentación que versa no expediente de solicitude e outorgamento de licenza de obra, cabe realizar as seguintes observacións:

1. DOCUMENTACIÓN APORTADA COA SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Con data do 22 de abril de 2014, e registro de entrada nº 14/716, achégase certificado final de obra firmado polo director da obra, o arquitecto técnico D. Pablo Ferreira Souto

(COAATIEAC nº 2703), visado polo colexio con data do 5 de febreiro de 2014. Así mesmo, achégase certificado de eficiencia enerxética da vivenda.

Con data do 23 de maio de 2014, e rexistro de entrada nº14/958, achéganse os planos de final de obra visados, e o rexistro de inscrición do certificado de eficiencia enerxética no INEGA.

2. OBSERVACIÓNS DERIVADAS DA VISITA DE INSPECCIÓN CON RESPECTO Ó PROXECTO E Á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PRESENTADA

Á vista da totalidade da documentación presentada, e realizada a correspondente visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación

3. CONCLUSIÓN

En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considerase **que as obras executadas, axústanse á licenza de obra concedida.**

É opinión da técnica que asina, que informa ós efectos oportunos, e somete a calquera outra mellor fundada.

Boqueixón, 28 de maio de 2014”

Consta no expediente toda a documentación presentada polos promotores, o informe técnico de data do 28/05/2014, e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con data do 24/04/2014), por importe de 123,24 €, polo que de conformidade co disposto no artigo 195.6, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Outorgar, a José xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, e Mª Josefa xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, a “licenza municipal de primeira ocupación”, que se corresponde coas obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada existente, que se empraza urbanisticamente en solo non urbanizable de núcleo rural, no lugar de Rubio, na parroquia de Vigo, en base á licenza municipal de obras núm. 12/81, de data do 18/01/2012, en canto a competencia municipal e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo aos interesados

8.Renovación bonificación tarxeta de transporte metropolitano

Con data 02/06/2014 e número de rexistro de entrada 14/999, foi presentada a solicitude de renovación e documentación, para a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, a nome de Ana xxxxx, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102136367.

Por isto, e logo de reunir os requisitos establecidos na ordenanza reguladora municipal, (publicada no BOP Nº 128 do 06/07/2012) proponse a renovación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, neste caso, **para solicitantes en situación de discapacidade**, a que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. A renovación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, **para solicitantes en situación de discapacidade**, solicitada por dona Ana xxxxx, con DNI: xxxxx, veciña da parroquia de A Granxa, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102136367.
2. O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.
3. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.
4. Notificar este acordo á interesada”.

9. Información de alta SAF por dependencia e información alta SAF por libre concorrencia pasando a SAF dependencia

A) Información de alta SAF por dependencia

Logo de ver o informe da traballadora social, infórmase á Xunta de Goberno, **da alta no Servizo de Axuda no Fogar por dependencia**, a nome de dona María xxxxx, co DNI xxxxx veciña do lugar de xxxxx parroquia de Lestedo, cunha intensidade horaria máxima establecida no seu Programa Individual de Atención de (46 horas).

- Que recibirá as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.
- Notificar este acordo á interesada.

B) Información de SAF por libre concorrencia que pasa a SAF por dependencia

Logo de ver o informe da traballadora social, infórmase á Xunta de Goberno, de que o **servizo de axuda no fogar por libre concorrencia dado de alta na Xunta de Goberno celebrada o día 24 de abril de 2014, pasa a SAF por dependencia**, a nome de don Constantino xxxxx, co DNI xxxxx, veciño do lugar de xxxxx parroquia de Codeso, cunha intensidade inicial de 55 horas ao mes, establecida no seu Programa Individual de Atención.

- Que recibirá as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.

- Notificar este acordo ó interesado.

10.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 68.167,91 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Facturas pendentes de pagamento:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en abril		
1	Talleres Sánchez Rey, S.C. – Rev.instalac.corrente ventilador desbrozadora e substituir transmisor	2014.0.9.0.213	777,97
2	Orona S. Coop – Mantemento ascensor casa consistorial período xaneiro/marzo	2014.0.9.0.213	472,12
3	Mª Luisa Rendo Facorro – Ganchos, discos, saco cola, cemento, rolo manguera, bote espuma, bote sikaflex ..	2014.0.4.0.212	1.806,83
4	Código Televisión, S.L. – Reportaxe do Concello para a páxina web	2014.0.4.0.226	242,00
5	Compostelana de Gas 2011, S.L. – Cargas de gas para vestiarios e campo de fútbol do Forte	2014.0.9.0.221	178,05
6	Coregal – Recollida de resíduos mes de febreiro	2014.0.3.0.213	388,98
7	Coregal – Recollida de resíduos mes de marzo	2014.0.3.0.213	388,98
	Rexistradas en maio		
8	Hnos. Rendo – Reparar tellado colegio CPI Antonio Orza Couto	2014.0.3.0.212	579,71
9	L. Secope, S.A. – Mantemento punto limpo mes de abril	2014.0.3.0.213	796,03
10	Editorial Compostela, S.A. – Publicación do xornal D.O. Rías Baixas Subzona	2014.0.4.0.226	181,50
11	Autocares Mosquera –Autobús para a Festa dos Maiores	2014.0.3.0.223	275,00
12	Compostela Digital, S.L. – Tóner fax	2014.0.9.0.213	86,37
13	Ferretería Torres – Alambre, cinta aillante, regleta, tubo retráctil, tornillos, arandelas, mango forcada, grasa ...	2014.0.9.0.213	281,59
14	Ulla Oil, S.L. – Gasóleo de automoción para os depósitos de Protección Civil	2014.0.1.0.221	3.784,62
15	Montouto Reparaciones, S.L. – Subst.bombona suspensión traseira esquerda, soldar soporte ... camión lixo	2014.0.3.0.213	3.312,40
16	Ascensores Enor, S.A. – Mantemento ascensor casa consistorial mes de abril	2014.0.9.0.213	76,23
17	Sermasa – Servizo de axuda a domicilio SAD mes de abril prestación básica	2014.0.2.0.210	1.241,94
18	Sermasa – Servizo de axuda a domicilio SAD mes de abril usuarios de dependencia	2014.0.2.0.210	14.215,27
19	Autoeléctrico Sergude, S.C. – Reparar luces remolque	2014.0.9.0.213	7,49
20	Autoeléctrico Sergude, S.C. – Substituir lámpara camión lixo 7414BSL	2014.0.3.0.213	13,08
21	Manuel Botana Granja – Copas chave, cadea, corda, candado, latiguillo, manguitos, rácor, cinta, alambre ...	2014.0.9.0.213	83,38
22	Comercial Sánchez – Cuchillas, brazo basculante, soporte cuchilla, rep. palanca ... tractor e desbrozadora	2014.0.9.0.213	322,10
23	Ascensores Enor, S.A. – Mantemento ascensor casa consistorial mes de maio	2014.0.9.0.213	76,23
24	Escola de Fútbol de Boqueixón – Monitor de pilates e patinaxe mes de abril	2014.0.3.0.226	242,00
25	Dispagal Galicia, S.L. – Lexibia, limpador hixienizante, bolsas lixo e escoba	2014.0.9.0.212	363,39
26	Sistemas de Seguridade A-1, S.L. Recarga extintor CPI	2014.0.9.0.212	103,24
27	Alfarería Alto do Couso, S.L. – Agasallos (tazas) para a Festa dos Maiores	2014.0.9.0.226	387,20
28	Vagalume Xestión Integral de Servizos, S.L. – Clases de baile persoas maiores mes de abril	2014.0.2.0.210	289,85
29	Liquidación de gastos – quilometraxe alcalde setembro 2013 / abril 2014	2014.0.9.0.233	139,63
30	A Cañiza – 31 comidas obradoiro de emprego	2014.0.9.0.226	375,00
31	Gasóleos San Benito, S.L. – Gasolina para a maquinaria municipal	2014.0.1.0.221	257,59
32	Mª Carmen Vázquez Fernández – Alimentación, papel cociña e papel	2014.0.2.0.221	337,83

	hixiénico		
33	Sogama – Tratamento de residuos urbáns mes de abril	2014.0.3.0.213	8.208,76
34	Vidrieras Compostela, S.L. – Material para arranxo de marquesinas	2014.0.4.0.212	776,00
35	Juan Manuel Corral Sánchez – Quilometraxe curso contabilidade en Coruña e reunión Delegación Goberno	2014.0.9.0.230	234,25
36	Talleres A Silveira – Cambiar aceite, rótula suspensión, barra estabilizadora, pastillas freo C6319CG Vías e obr	2014.0.9.0.213	567,08
37	Eurolingua Traducións, S.C. – Clases de inglés mes de abril	2014.0.3.0.226	1.134,00
38	Mª Victoria Negrín Blanco – Quilometraxe xornada informativa na Coruña “Europa cos cidadáns 2014-2020”	2014.0.9.0.230	49,94
39	El Sol, S.L. – Copia chave aceiro de seguridade e manguito	2014.0.4.0.212	9,11
40	Elina Valentinova Ivanova – Quilometraxe voluntaria europea 01/04 - 20/05	2014.0.9.0.230	31,98
41	Editorial Compostela, S.A. – Publicación no xornal el Correo Gallego “Promoción San Cidre en Oural”	2014.0.4.0.226	302,50
42	Compostela Digital, S.L. – Renovación anual Redirec Plan Boqueixón, WebHosting e dominio boqueixón.com	2014.0.9.0.213	644,81
43	Aislamientos Suso, S.L. – Subm.e proiec.ailamento térmico e acustico para obra en Santa María de Lamas	2014.0.4.0.212	2.350,00
44	Dispagal Galicia, S.L. – Material de limpeza para os locais sociais e colexios	2014.0.9.0.212	875,70
b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades as que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.

b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.

c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Público correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro público que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. Xunto coa dilixencia de bastanteo debера de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non esta incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo V ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

a) A solvencia económica e financeira debера probarse a través de algún ou varios dos medios relacionados no artigo 75 do TRLCSP modificado pola Lei 25/2013 de 28 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

b) A solvencia técnica ou profesional debера acreditarse mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa a descrición do obxecto dos ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a presente contratación, deberan estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

5.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base a devandita autorización.

(A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Boqueixón será comprobada de oficio polo Departamento correspondente).

6.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo

do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

7.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

8.- Escritura publica de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

9.- No seu caso, documentación acreditativa da efectiva disposición de medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir a execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 64.2 do TRLCSP.

10.- Documentación xustificativa da existencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra a produción de danos ou prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se deriven da prestación do servizo contratado: póliza e recibo acreditativo da súa vixencia.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3o do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Adxudicación

O órgano de contratación debera adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a data de recepción da documentación a que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse a súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento

constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución debera aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicárase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

Pagamento ó contratista

O pago do servizo realizarase posteriormente á aprobación das correspondentes facturas polo órgano competente. Posteriormente a que se instale e se poña en funcionamento a aplicación, aboarase o correspondente ó 69% do importe total do contrato. O restante 31% será aboado anualmente en partes iguais sempre e cando se prorrogue o contrato.

As facturas deberan de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e coa demais lexislación vixente para o efecto. A administración debera aboar o importe das facturas dentro do prazo de trinta días.

Anexo I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto
de D.N.I. no en nome propio ou en nome e representación de
.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....
NIF.....telefono
fax.....correo electrónico.....
Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, e esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.
3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.
5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.
6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.
- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº.....
- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº.....
- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....
- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou

estar integrada por algún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto
de D.N.I. no en nome propio ou en representación de
....., CIF nº,
sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer a licitación e adxudicación do
contrato de

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle serven de base a convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome
(propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato coa estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica

Importe: Euros
IVE (21%)..... Euros
Total Euros

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo III

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....
con D.N.I..... telefono
e domicilio na rúa.....
no..... piso..... C.P..... provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
a que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA a administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do proponente.

3. Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

-E-tecnia SL – Simón Bolívar, 33 - 15011 A Coruña

-Elaboro, ingeniería del software, SL – Calle Choupana, 11 – Santiago de Compostela

-Arroaces servicios y desarrollos SL – Calle Casas Novas, 92 – Santiago de Compostela

14.Recurso reposición contra a taxa do lixo

O día 12 de maio de 2014 envíase unha notificación de alta no padrón do lixo do ano 2014 a nome de TAKE&GO, negocio que se dedica á venda e preparación de comida elaborada, por importe de 227,4 euros. A actividade incluíuse no epígrafe 120801.03 “Mercados, supermercados, comercios o por maior de produtos alimentarios e establecementos agroalimentarios” – Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da sección 1ª das tarifas do imposto sobre actividades económicas – Con superficie inferior a 60 m².

Posteriormente preséntase recurso de reposición contra deste acordo explicando que esta taxa non está de acordo coa actividade desenvolta posto que o epígrafe que figura na alta no IAE é o 677.9 denominado “ Outros servizos de alimentación – Restauración”.

Polo tanto, a actividade do negocio que estamos a falar atópase incluída no epígrafe 120802.01 “ Os demais establecementos” cunha taxa de 80,26 euros

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

-Aceptar o recurso interposto contra da taxa do lixo e modificar o seu importe pasando a ser por importe de 80.26 euros e incluída no epígrafe 120802.01 da ordenanza reguladora da taxa do lixo.

-Comunicar este acordo ó interesado.

15.Modificacións no padrón do lixo 2014

O día 2 de xuño de 2014, don Jordi xxxxx como apoderado do Banco de Sabadell, SA presenta un escrito neste concello onde explica que o Banco Gallego foi fusionado convertíndose en Banco Sabadell. Achega documentación xustificativa.

O Banco Gallego situado no lugar de Camporrapado, ten taxa do lixo ó seu nome por un importe de 635,40 polo tanto o que se solicita é o cambio de suxeito pasivo na taxa para o ano 2014.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Modificar o suxeito pasivo da taxa do lixo emitida a nome de Banco Gallego, SA e poñela a nome de Banco Sabadell, SA .

Na resolución da alcaldía ditada o día 2 de maio, aprobáronse as altas no padrón do lixo para o ano 2014. Incluído no listado que pasou o encargado de vías e obras, figuraba dona Vanesa xxxxx por unha vivenda situada en Igrexa- Sergude. Posteriormente compróbase que no mesmo listado figura, para dar de alta, Alberto xxxxx que habita na mesma vivenda, polo que se dá unha duplicidade de recibos. Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Anular a taxa do lixo creada a nome de Vanesa xxxxx por estar duplicada coa xerada a nome de Alberto xxxxx.

Na resolución da alcaldía ditada o día 2 de maio, anulábase a taxa do lixo emitida a nome de Promociones e Inversiones Ulla, SL por estar duplicada coa emitida a Quinmat, CB. Esta anulación afectaba ó padrón do ano 2014, pero compróbase que no pasado ano, emitíronse os recibos a nome das dúas entidades e abonou o seu importe Quinmat, CB polo que corresponde anular o recibo a nome de Promociones e Inversiones Ulla, SL que está pendente de pagamento, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo correspondente ó ano 2013 emitido a nome de Promociones e Inversiones Ulla, SL por importe de 80,26 euros con núm. fixo 253000587236 por estar duplicado e xa ser aboado por outra entidade. Así mesmo xa se procedeu á baixa definitiva no padrón do ano 2014.

Comunicar este acordo á Deputación e ó interesado.

16. Contratación axudante recollida do lixo para cubrir vacacións

O concello de Boqueixón presta directamente o servizo de recollida e traslado de residuos, para o cal conta cun condutor - recolledor do lixo, laboral fixo.

Ademais no cadro de persoal do concello de Boqueixón existen tres laborais fixos (1 capataz e dous oficiais) por un lado e un capataz de obras funcionario da administración especial, (subgrupo AP), por outro.

Estes catro postos constitúen a cuadrilla encargada do mantemento de infraestruturas municipais, de pequenas obras e prestación de servizos diversos que habitualmente xorden no concello.

Por outro lado, durante os meses de verán nos que o servizo de recollida do lixo debe ser prestado, se cabe, de xeito máis dilixente, é cando habitualmente o persoal solicita as súas vacacións anuais.

Durante anos anteriores, nos que o concello contaba cun grupo municipal de protección civil formado por 12 persoas e contratados con subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, o concello dispoñía de persoal suficiente para desempeñar as funcións necesarias aínda en caso de vacacións ou baixas por enfermidade do persoal laboral fixo.

Sen embargo, a partires deste ano 2014 a Xunta de Galicia aboliu estas subvencións polo que a partires do 27 de marzo de 2014 finalizaron estes contratos.

O artigo 26.1 da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local establece entre os servizos obrigatorios o de recollida de residuos.

Por outro lado o artigo 3.2 do Real Decreto Lei 20/2011 de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección de déficit público establece que durante o ano 2012 non se procedería á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais prioritarias ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. Neste mesmo senso mantense o artigo 21.dous da Lei de presuposto xerais do estado para 2014 que establece “durante o ano 2014 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarias ou que afecten aos servizos públicos esenciais.” No apartado catro do mesmo artigo, establece que a contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no apartado dous deste artigo requirirá a previa autorización do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Tendo en contra que o servizo de recollida do lixo é un servizo necesario, prioritario e obrigatorio para o concello e que trátase de cubrir unha necesidade urxente, excepcional e inevitable precisamente por tratarse dun servizo mínimo obrigatorio, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar ós trámites para a contratación durante os meses de xullo, agosto e setembro, dun axudante recolledor do lixo.
2. Solicitar autorización á Subdelegación do Goberno da Coruña.
3. Aprobar as seguintes bases:

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten obxecto de cubrir, como persoal laboral temporal unha praza de axudante recolledor do lixo no período de vacacións. A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo

BASE SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de 3 meses dende o 1 de xullo ata 30 de setembro de 2014, non prorrogable. A xornada laboral é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

BASE TERCEIRA.- REQUISITOS

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Titulación mínima: estar en posesión do título do certificado de escolaridade ou equivalente, e así mesmo do permiso de conducir tipos C e ADR. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro,

deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. (Requírese copia compulsada dos títulos)

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Habilitación: non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

g) Estar desempregado e inscrito na Oficina Pública de Emprego (copia compulsada da tarxeta de desemprego da Oficina Pública de Emprego)

Toda a documentación presentada debe acreditarse con orixinais ou copias compulsadas.

BASE CUARTA.-

- Por resolución de alcaldía o Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, fixando os prazos de presentación das instancias e documentación xustificativa dos méritos alegados

- Os candidatos disporán de 5 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na Casa do Concello de Boqueixón, en horario de 9 a 14 horas.

Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar ó 981513061

BASE QUINTA.-

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Posteriormente, convocarase – mediante anuncio no taboleiro a data de realización da valoración dos méritos achegados e da proba práctica que se fixe.

BASE SEXTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

- O nomeamento da comisión seleccionadora (titulares e suplentes) farase por resolución de alcaldía.

- A comisión seleccionadora estará composta por Presidente/a, Secretario/a e 3 vogais. A comisión seleccionadora non poderá constituírse, nin actuar sen asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do presidente /a e do secretario/a.

- A comisión reunirase para a valoración dos méritos achegados e a realización da proba práctica que se fixe (quedando o candidato/a de maior puntuación como titular e o resto coma suplentes) e propondrá o Sr. Alcalde a súa contratación.

As actuacións da comisión seleccionadora serán recorribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

O proceso de selección consiste en baremar os méritos achegados polos candidatos/as, e realizar unha proba práctica relacionada coas funcións propias da praza.

BASE SETIMA.-

1. A proba práctica consistirá na realización dun exercicio relacionado cos cometidos propios da praza de axudante recolledor do lixo. Para superar esta proba práctica será necesario acadar polo menos 10 puntos. Sendo a puntuación máxima de 20 puntos.

2. As funcións da praza serán:

- Condución de vehículos recolectores de carga traseira.
- Manipulación de colectores, mantemento destes e atención das infraestruturas do servizo.

3. Valorarase a formación, grao de coñecementos e habilidade amosada no desenvolvemento da proba.

BASE OITAVA.-

O baremo para a valoración de méritos é o seguinte (ata un máximo de 10 puntos):

Experiencia laboral (máximo 6 puntos):

- a) Por desempeñar un posto de traballo como axudante recolledor de lixo nunha Administración pública: 0,15 puntos por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración correspondente).
- b) Por desempeñar un posto de traballo con funcións similares nunha Administración pública: 0,10 por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedida pola administración correspondente).
- c) Por desempeñar un posto de traballo como axudante recolledor de lixo en empresas do sector privado relacionado co posto: 0,07 puntos por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo, ou informe ou certificación da empresa).
- d) Por desempeñar un posto de traballo de similares características en empresas do sector privado: 0,05 puntos por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo, ou informe ou certificación da empresa).

Formación (máximo 4 puntos):

- Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional (relacionado co posto):

Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

- Por estar en posesión doutros permisos de conducir distintos dos esixidos na base terceira (vehículos articulados, con remolques, camións, etc): 0,10. Só se puntuará ata un máximo de 1 punto.

- Os cursos que se aporten de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto:

Celga 4: 1 punto
Celga 3: 0,75 puntos
Celga 2: 0,50 puntos
Celga 1: 0,25 puntos

2. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

3. Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

BASE NOVENA. PRAZOS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

Por resolución de alcaldía se aprobará as datas e prazos para a realización das probas de selección: baremación de méritos e realización da proba práctica.

BASE DÉCIMA.

Rematada a selección a Comisión seleccionadora publicará no taboleiro o nome do/a participante titular do posto seleccionado/a coa súa puntuación, e o nome dos/as candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as CIRCUNSTANCIAS QUE DERON LUGAR A ESTA CONVOCATORIA.

BASE UNDÉCIMA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

O/A candidato/a seleccionado/a presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta de Demandante de Emprego.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

BASE DUODÉCIMA.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección e en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

4. Ordenar a súa publicación na páxina Web e no taboleiro de edictos.

17. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria-Interventora.

A Secretaria

Visto e prace
O Presidente